

## **PROXECTO DE REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE POIO.**

**PUBLICADO NO BOP DE PONTEVEDRA DO 23 DE XULLO DE 2007**

**OBXECTO.**—O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas de funcionamento do Centro de Servizos Sociais do Concello de Poio, cumprindo o marco legal que regula na Comunidade Autónoma Galega o Sistema público de Servizos Sociais a través da Lei 4/93, do 14 de abril, de Servizos Sociais.

O Centro municipal de Servizos Sociais do Concello de Poio é un equipamento básico do sistema público de servizos sociais no ámbito municipal, dirixido a prestar servizos sociais de carácter xeral a toda a poboación residente no seu ámbito de actuación.

**ÁMBITO DE APLICACIÓN.**— Constitúen o ámbito de aplicación da presente norma os centros municipais que se especifican a continuación:

- Centro de Servizos Sociais sito en Avda. Domingo Fontán, 4. A Barca.
- Os que puideran crearse.

**CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.**—As características fundamentais do centro son as seguintes:

- Está situado en espazos propios, con dependencias suficientes como para que poidan desenvolverse as actividades derivadas dos programas e proxectos de servizos sociais.
- Os programas que se leven a cabo nos centros deben ser, alomenos os que figuran no Plan Concertado de prestacións básicas.
- Estes programas deben ser levados a cabo por equipos multiprofesionais.
- Os equipos multiprofesionais promocionarán e canalizarán o apoio das entidades sociais do seu entorno, de cara a unha maior corresponsabilidade dos cidadáns/as na solución dos problemas que se formulen.
- As prestacións e programas a realizar se dividen en dous Bloques Xerais:

**Bloque I.**—Programa de actividades de desenvolvemento persoal. Dito programa establece a organización e posta en marcha de diferentes obradoiros e actividades físicas, culturais, de desenvolvemento persoal e outras actividades de animación socio-cultural. (dirixidas a toda a poboación).

**Bloque II.**—Prestacións básicas:

- Programa de orientación, asesoramento e información.
- Programa de Axuda no fogar.
- Programa de Inserción social.
- Programa de animación, prevención e cooperación social.
- Programa de convivencia alternativa.

### **CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS**

**Artigo 1.**—Os usuarios/as teñen os seguintes dereitos e obrigas nos centros que deberán respectar:

1. DEREITOS.—Os previstos pola Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais, no seu artigo 36:1. A acceder aos mesmos e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por tanto persoal do centro ou servizo coma os demais usuarios/as.

3. Ao sxiilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social.

4. A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.

5. Á intimidade persoal en función das condicións estruturais dos centros e servizos.

6. A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educacional, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

7. A deixar de utilizar os servizos.

8. A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

2. DEBERES.—Os esixidos pola Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais, no seu artigo 37:

1. Cumprir as normas sobre a utilización do centro ou servizo establecidas no regulamento de réxime interior.

2. Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

3. Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sirvan para mellorar a súa autonomía persoal e participación na vida do centro, de acordo co disposto no regulamento de réxime interior.

Artigo 2.—Os/as usuarios/as son responsables do bo uso e normal funcionamento dos obxectos comúns, coidando a súa conservación e respondendo, no seu caso, dos prexuízos que causaran por negligencia ou de forma intencionada.

Artigo 3.—Todos/as os/as usuarios/as poderán opinar e presentar suxestións para mellorar o funcionamento do centro sempre que redunden no beneficio de todos/as. As devanditas suxestións poderán presentarse nunha caixa de suxestións instalada para o efecto en cada centro.

Artigo 4.—Os conflitos ou desacordos que poidan xurdir na convivencia no centro, resolveranse, en primeiro termo, coa mediación dos profesionais do centro, os cales tenderán a manter a maior harmonía entre os/as usuarios/as. No caso de que non se lograra a resolución, convocarase a “mesa de seguimento” para o estudo do caso, adoptándose as medidas disciplinarias correspondentes e que se recollen neste regulamento (Cap. 2.—Réxime Sancionador).

Artigo 5.—De xurdiren conflitos que a xuízo do persoal responsable desen lugar a unha situación de alteración da convivencia con perigo para a seguridade das persoas ou dos bens e que non puidesen solucionarse cos medios do propio centro, solicitarase a intervención das forzas de seguridade.

Artigo 6.—O centro non se responsabiliza das perdas de cartos ou obxectos de valor. En todo caso, se os/as usuarios/as os traen consigo, quedarán baixo a garda e responsabilidade exclusiva do seu propietario.

Artigo 7.—Agás no caso de cans-guía, non se permite a entrada no centro de animais de tipo ningún.

Artigo 8.—Non se permite consumir alcol ou calquera outra substancia estupefaciente no centro, agás naqueles lugares e tempos expresamente permitidos pola persoa nomeada polo Concello como responsable do centro, prohibíndose fumar en todo o edificio do Centro de Servizos Sociais.

Artigo 9.—Os/as nenos/as menores de idade que utilicen as instalacións do centro, estarán baixo a responsabilidade exclusiva dos seus pais/nais/ titor/a, que son os responsables de explicarlles aos seus fillos/as, tutelados/as, as normas de funcionamento do centro, así como do uso que se lle debe dar a todos os obxectos e aveños que se encontren no mesmo a disposición dos/as usuarios/as. A tal efecto, os pais/nais/titor/a, deberán cubrir o impreso de autorización, cando os/as menores participen en actividades programadas e desenvoltas no centro.

Artigo 10.—Para a utilización dos materiais a disposición do público o persoal responsable definirase a metodoloxía a utilizar, adaptándose ás propias características de cada equipamento. En todo caso, cando se estime oportuno poderán utilizarse os protocolos estipulados para o efecto (ver anexo:“préstamo de material”). O/a usuario/a deberá facerse responsable da correcta utilización do material e será quen deba reintegralo para a súa revisión, devolvéndoselle o documento de préstamo.

Artigo 11.—A manipulación dos distintos elementos que forman parte do equipamento dos centros (televisor, vídeo, equipo de música, persianas,etc.), corresponderalle sempre á persoa autorizada pola coordinación do centro, cando o requira o usuario. Nos centros onde exista material compartido de titularidade de entidades sociais alleas ao ente local, estableceranse procedementos de utilización e responsabilidade recollidas nos convenios de colaboración que se establezan para o efecto.

Artigo 12.—Os/as nenos/as menores de oito anos que non participen nas actividades organizadas ou programadas no centro, deberán acudir e permanecer no centro na compañía dos seus pais/nais/titor/a.

Artigo 13.—As entidades ou asociacións que utilicen as instalacións do centro a través do servizo de “solicitude de locais” responsabilizaranse de deixar o mobiliario e material nas mesmas condicións que antes do seu uso, así como asumir o custo que supoña a reparación de desperfectos que no mesmo puidesen producirse por un uso inadecuado.

## CAPÍTULO II.—FUNCIONAMENTO

Artigo 14.—Normas de funcionamento do centro.

—O centro desenvolve a súa actividade de luns a venres, en horario de 8:00 a 14:30 horas e polas tardes de 17:00 a 20:00 horas, agás os meses de verán que permanece pechado polas tardes. Excepcionalmente e dependendo das actividades poderá permanecer aberto ata as 10:00 horas. Ademais os domingos o Centro celebra bailes quincenais, homenaxes etc. Permanecendo aberto o Centro nos horarios que estean determinados para cada caso.

Artigo 15.—Réxime de cobramento dos prezos.

Os prezos públicos que se fixen polas actividades do Centro de Servizos Sociais, son propostos pola Concelleira Delegada do centro, informada pola intervención municipal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local e cobrarase aos/ás usuarios/ as mediante ingreso na tesourería municipal.

Artigo 16.—Sistema de participación dos/as usuarios/as. As solicitudes para participar nos distintos programas do Centro presentaranse no Rexistro do Centro de Servizos Sociais, segundo o modelo facilitado no Departamento de Servizos Sociais do concello, e ira acompañado da documentación requirida en cada caso:

#### BLOQUE I. ACTIVIDADES

- Ficha de inscrición.
- Certificado de empadronamento.

#### BLOQUE II.

- Ficha social.
- Igual documentación que o anterior.
- Informes médicos.
- Documentación acreditativa da situación socioeconómica da unidade familiar.
- Calquera outro documento que se considere necesario en relación á solicitude.

Criterios de admisión:

O orde de preferencia para cubrir os distintos programas estará en función dos seguintes criterios:

#### BLOQUE I. (PROGRAMA DE ACTIVIDADES)

- Data da solicitude.
- Estar empadroadado no termo municipal de Poio.

#### BLOQUE II.

- Data da solicitude.
- Estar empadroadado no termo municipal de Poio.
- Situación socio-familiar e económica.
- Existencia de dotación presupuestaria.

#### CAPÍTULO III.—RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 17.—O incumprimento das normas xerais sinaladas no capítulo anterior, levará consigo a aplicación dunha serie de sancións que configuran un réxime disciplinario sancionador, coa finalidade de garantir a normal convivencia entre os/as usuarios/as do centro.

Artigo 18.—O incumprimento das normas constituirá unha falta, que ocasionará unha sanción que variará segundo a gravidade da mesma. Con carácter xeral as faltas poderán ser “leves” ou “graves”.

Artigo 19.—Terán a consideración de faltas “leves” as seguintes:

- A falta de respecto aos dereitos das persoas (liberdade de pensamento, de opinión, de ideoloxía, etc...)
- A falta de respecto das normas da vida colectiva.
- A entrada no centro con animais.
- O uso indebido das instalacións para calquera outro fin que non sexa o propio.

- A alteración das normas de convivencia creando situacións de malestar ou incomodidade ós/ ás usuarios/as.

Artigo 20.—Terán a consideración de faltas “graves” as seguintes:

- O maltrato de palabra e/ ou obra cara aos outros usuarios/as e/ou ao persoal do centro.
- A substracción de aveños ou calquera clase de obxectos , que formen parte do mobiliario e material do centro a disposición dos/as usuarios/as.
- A neglixencia na utilización do equipamento e material do centro.
- A acumulación de tres faltas leves.
- Consumir alcol ou calquera outra substancia estupefaciente no centro.
- Realizar actos prexudiciais para a reputación e o bo crédito do centro.

Artigo 21.—As sancións previstas para as faltas leves son as seguintes:

- Pola comisión dunha primeira falta leve, amonestación verbal privada por parte do /a responsable do centro nomeado pola entidade municipal.
- Pola acumulación de dúas faltas leves, amonestación escrita remitida ó/ á usuario/a por parte da coordinación do Centro de Servizos Sociais.
- A acumulación de tres faltas leves, equivalerá á sanción imposta por unha falta grave.

Artigo 22.—As sancións previstas para faltas graves son as seguintes:

- Pola comisión da primeira falta grave, expulsión temporal do centro, que poderá chegar ata os seis meses. A comunicación da referida expulsión temporal deberá facerse por escrito ó /á usuario/a.
- Pola acumulación de dúas faltas graves, expulsión definitiva do centro que deberá facerse pola mesma vía que prevista no apartado anterior.

## CAPÍTULO VI.—PROCEDEMENTO SANCIONADOR E RECURSOS

Artigo 23.—Establécese, como regra xeral, a necesidade da instrución dun expediente para a imposición de sancións por faltas graves, pero dispénsase da súa instrución para a imposición de sancións por faltas leves.

Artigo 24.—En canto ao procedemento sancionador, estarase ao previsto no Título X da Lei 30/92 (art. 127 ao 138) e no R.D 1.398/ 93, do 4 de agosto mediante o que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 25.—O expediente que se instrúa para o efecto constará das seguintes fases:

- **Iniciación:** a coordinación do Centro de Servizos Sociais comunicará por escrito ó/á usuario/a a comisión da falta e a sanción correspondente prevista no presente regulamento.

- **Desenvolvemento:** o/a usuario/a poderá presentar escrito de alegacións perante a propia coordinación do Centro de Servizos Sociais no prazo de 15 días a contar desde a data de notificación da sanción, facendo constar o que estime para a súa defensa.

O escrito de alegacións presentarase no Rexistro Xeral do Concello, acompañado de instancia. Deste xeito, existirá constancia do escrito coa data exacta de entrada.

Recibido o escrito de alegacións , ou ben transcorrido o prazo de 15 días que se sinala no parágrafo primeiro deste artigo, abrírase o período de proba, e practícaranse todas aquelas que foran propostas.

A presentación do escrito de alegacións por parte do/a usuario/a non suspende o cumprimento da sanción imposta.

- Resolución: a resolución do procedemento sancionador deberá conter os seguintes elementos:

A valoración das probas practicadas Identificación da persoa responsable

A infracción cometida

A sanción que se impón

A decisión que se adopte

Os recursos que contra a mesma procedan

Artigo 26.—Constituirase “mesa de seguimento” para o estudo de alegacións, dándose audiencia ao interesado. Este órgano estará constituído por:

- Concelleiro/a de área ou persoa na que delegue
- Coordinador/a de Centro de Servizos Sociais
- Técnico de Servizos Sociais nomeado para o efecto
- Técnico responsable do Centro no que se producira o conflito.
- 3 persoas que asistan habitualmente ao Centro no que se produza o conflito e que poderá ser proposto por calquera das partes.

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, despois de ser aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación e publicado no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor unha vez que teña transcorrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local”.